

PEC (PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO)

1.-XUSTIFICACIÓN:

No Decreto 324/1996 do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) que aproba o Regulamento orgánico dos institutos regula no seu Título IV, capítulo I, artigo 90 o PEC.

A Orde do 1 de agosto de 1997, que dicta instrucións para o desenvolvemento do anterior Decreto, cando fala da programación xeral anual dedica os puntos 32 ao 36 ao citado PEC e, concretamente no punto 33 fai referencia aos aspectos que se detallarán no mesmo.

Baseándonos nos citados Decreto e Orde elaboramos o PEC do IES Terra de Trasancos.

2.-ORGANIZACIÓN XERAL DO INSTITUTO:

2.1-SITUACIÓN:

O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón (A Coruña) de titularidade pública. Atópase no lugar de Camiño Real S/N e o acceso principal ao centro resólvese dende a Estrada de Cedeira. A distancia do IES aos núcleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnos fai que estes utilicen para o acceso ao centro transporte escolar, e, no caso dos alumnos de ciclos, transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos. Este feito supón un condicionante na actividade do centro pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista nin sequera transporte colectivo público nas proximidades.

2.2-DISTRIBUCIÓN:

O centro ocupa unha parcela de aproximadamente 14.000 m². en dous edificios independentes en torno a un espazo central aberto e pista polideportiva. O edificio principal está ocupado por aulas, departamentos, a administración e outros locais secundarios, servindo de acceso principal ás instalacións do centro. A través deste edificio chegamos a outro menor, onde atopamos os talleres de tecnoloxía e de electrónica.

O centro dispón dun Ximnasio, pero as clases de educación física impártense entre o polideportivo municipal As Lagoas e o Ximnasio do instituto.

Os edificios sinalados dispoñen de espazos abertos e cubertos, nunha superficie aproximada de 350 metros cadrados.

A parcela conta con numerosas especies arbóreas.

En canto a espazos complementarios, facemos unha breve descrición dos mais salientables, de acordo aos planos do Anexo I.

No edificio principal:

a. Planta baixa:

- Conserxería.
- Sala de usos múltiples (cunha superficie de 150 m²). Cando se celebra algunha actividade complementaria ou acto especial, o espazo dispoñible é insuficiente para acoller a todo o alumnado do centro.
- Biblioteca.
- Aula auxiliar da biblioteca.
- Aula de vídeo.
- Aula polivalente: acolle na actualidade a actividade de xadrez.
- Vivenda subalterno: este espazo nunca foi usado para esta finalidade.
- Sala de titorías.
- Despacho de orientación.
- Servizo para persoas con discapacidade.
- Sala de profesores.
- Secretaría e despachos de dirección.

- Despacho FCT e Seminario de Educación Física: na planta baixa da ala leste do edificio (ampliación).
 - Espazo destinado á ANPA: na planta baixa da ala leste do edificio (ampliación).
 - Cafetería.
 - Almacén xeral: na planta baixa da ala leste do edificio (ampliación).
 - Sala de caldeiras con vestíbulo previo e acceso directo dende o exterior.
 - Cuarto de cadros eléctricos.
- b. Planta primeira:
- Aula de informática.
 - Aula informática Ciclos.
 - Aulas de ciclo superior Administración e Finanzas
 - Laboratorio de bioloxía.
 - Aula debuxo.
 - Aula plástica.
- c. Planta segunda:
- Laboratorio de física.
 - Laboratorio de química.
 - Aula de ciclo medio de Xestión Administrativa.
 - Aula de música.
 - Aula idiomas.
- d. No edificio de talleres:
- Planta baixa: Transformador e grupo electrógeno con acceso directo dende o exterior.
 - Aula de Tecnoloxía.
 - Talleres de 1º e 2º FPBÁSICA de Electrónica e Electricidade
 - Planta alta: Aula informática Ciclos electrónica.



2.3-ALUMNADO E FAMILIAS:

Os alumnos do centro proceden, maioritariamente, dun entorno urbano, o idioma que empregan nas súas relacións interpersoais é o castelán, aínda que empregan tamén o galego sen dificultade.

O Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) utilizado como elemento definitorio do contexto dos centros sitúanos nun nivel medio.

2.4-RECURSOS:

2.4.1-Recursos humanos:

Persoal docente: 34 profesores e profesoras en plantilla e 10 variables.

Persoal non Docente.

i. Limpadoras (persoal laboral fixo)	3
ii. PAS (Grupo D: Auxiliar Administrativo)	1
iii. Subalternos (Grupo E)	2

2.4.2- Recursos materiais:

- i. Aula de Informática ESO/Bacharelato: 18 postos de traballo máis o do profesor. Canón de proxección. Todos en rede. Acceso a Internet
- ii. Aula de Informática Ciclos: Familia de Administración.30 postos de traballo máis o do profesor. Canón de vídeo conectado ó monitor do profesor. Todos en rede. Acceso a Internet.
- iii. Aula 2º ciclo superior Administración e Finanzas: con 22 ordenadores máis o do profesor. Canón de vídeo conectado ao monitor do profesor. Todos en rede e acceso a internet.
- iv. Aula de Informática Ciclos: Familia de Electricidade e Electrónica. 15 postos máis o do profesor. Todos en rede. Acceso a Internet
- v. Taller nº 1: Taller de Electrónica. Dotación de adestradores de Antenas e instalacións eléctricas. 10 postos de traballo informáticos en rede. Acceso a Internet. Extracción de aire

- vi. Taller nº 2: Taller de Electrónica. Dotación de adestradores de electrónica xeral, TV e vídeo, telefonía, radio e audio. 5 postos de traballo informáticos en rede. Acceso a Internet. Cabina con extracción de aire para o manexo de ácidos.
- vii. Taller nº 3: Taller de Tecnoloxía de ESO e Bacharelato. Equipamento de Bacharelato tecnolóxico para mecánica e pneumática. Ordenador en rede. Acceso a Internet. Equipamento de Tecnoloxía da ESO
- ix. Aula de Audiovisuais: Vídeo, DVD, TV, e cadea musical.
- x. Aula de Música: Dotación de instrumentos musicais de ESO/Bacharelato. TV, DVD e vídeo, Cadea Musical. Cámara de vídeo. Ordenador en rede. Acceso a Internet.
- xi. Aula de idiomas: dotación de TV e DVD.
- xii. Aula de Plástica: dotación de ordenador en rede con acceso a Internet.
- xiii. Aula de debuxo:
- xiv. Biblioteca. Aproximadamente 5000 volumes. 4 postos de traballo informáticos en rede a disposición dos alumnos. Un posto de traballo informático só para uso dos profesores/as encargados da biblioteca. Acceso a Internet en todos.
- xv. Reprografía. Contamos con dúas fotocopiadoras conectadas á rede informática como impresoras compartidas.
- xvi. Rede Informática de docencia, subdividida nunha rede de Alumnos que dá servizo ás Aulas de Informática, talleres e á Biblioteca e unha de Profesores que dá servizo aos Departamentos. Baseada nun dominio de Windows Server (trasancos.net) con presenza externa na Internet (www.trasancos.net). Na rede de docencia tamén temos un acceso á enciclopedia Planeta Saber.
- xvii. Rede Informática de Administración. Composta por un servidor Windows Server, 10 estacións de traballo e dan servizo á Administración do Centro, despachos, Sala de Profesores, Coordinación de FCT e Departamento de Orientación.

- xviii. Rede informática sen fíos: Todo o edificio do centro está dentro dun sistema WIFI que permite o acceso a Internet dende calquera punto do centro.
- xix. Medios audiovisuais de localización variable:
- 10 retroproectores.
 - Cámara fotográfica convencional
 - Cámara fotográfica dixital (Canon Ixus 500)
 - Un proxector de opacos
 - Catro ordenadores portátiles.
 - 2 canóns de vídeo
 - Cámara de vídeo e trípode.
- xx. Todas as aulas ordinarias (1 a 18) están dotadas de pantalla de proxección, canón de vídeo e ordenador do profesor. Con acceso a internet.
- xx. As aulas 1, 2, 3 e 4 dispoñen do equipamento do Plan Abalar que inclúe portátil para profesor, ultraportátiles para os alumnos (46 en total), pizarra dixital, canón de vídeo e armario cargador. Acceso WIFI a internet.
- xxi. As aulas 10, 12 e 15 están dotadas de pizarra dixital, canón de vídeo e ordenador do profesor. (Rede de Alumnos)
- xxii. Todos os departamentos están dotados como mínimo dun ordenador con acceso a internet (Rede de Profesores)

3.-FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS:

O IES Terra de Trasancos basea a súa actividade educativa, de acordo coa Constitución e a lexislación educativa vixente, nos principios de liberdade, tolerancia e pluralismo.

En primeiro lugar manifesta que o seu labor educativo respecta fundamentalmente os Dereitos Humanos, polo que a educación será respectuosa coas conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas do alumnado e coas diferenzas culturais dos mesmos, non adoutrinando ao alumnado e rexeitando todo tipo de dogmatismo. Polo tanto o noso

centro maniféstase aconfesional e respectuoso con tódalas crenzas. Igualmente maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada.

De igual xeito o noso centro maniféstase respectuoso coa liberdade de opinión de todos os membros da comunidade escolar, e co dereito a expresar esta a nivel individual ou colectivo, tanto no interior como no exterior do centro. Así mesmo, o noso centro reafirma o seu respecto pola liberdade de cátedra no labor docente, dentro do respecto ás normas establecidas e ás opinións discrepantes.

O noso centro manifesta o seu respecto polo uso das dúas linguas oficiais en Galicia, dándolle prioridade ao galego na vida administrativa, nas relacións coa comunidade e no labor académico, a partir das pautas fixadas pola administración educativa, (lingua de aprendizaxe, de documentación interna do centro e co exterior, de celebración dos claustros, de relación coas familias...), como medio máis eficaz de lograr a igualdade real entre as dúas linguas, e de contribuír dese xeito á súa normalización.

O noso centro cumprirá así mesmo a normativa vixente en cada momento.

A liña educativa estará encamiñada a erradicar calquera tipo de discriminación en razón de sexo. Fomentarase a eliminación da diferenza de roles tanto entre o alumnado como entre o profesorado.

A educación no noso centro fomentará os valores democráticos, comezando polo respecto aos demais, coas súas afinidades e diferenzas, por medio dun diálogo construtivo entre todos, procurando sempre chegar a un consenso entre todos os elementos da comunidade educativa. O noso centro recoñece a igualdade de dereitos e deberes de todos os membros da comunidade escolar.

3.1-OBXECTIVOS XERAIS:

Entendemos os obxectivos xerais como iso:

- a. **Obxectivos:** porque é onde queremos chegar.
- b. **Xerais:** porque son os que nos propoñemos todos e para todos.

Estes obxectivos xerais terán en conta a dimensión individual e social do alumnado así como a diversidade educativa do noso centro.

3.1.1.OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS.

- a. Formar no respecto dos dereitos humanos e no exercicio da tolerancia, xustiza e liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia. Educar para a paz e sensibilizar aos alumnos cara a solidariedade e a cooperación entre os pobos.
- b. Educar aos alumnos para que se sintan cidadáns europeos de pleno dereito nos seus dereitos e nas súas obrigas, nas súas diferenzas e na potenciación dos valores comúns.
- c. Adquirir e desenvolver hábitos de respecto e disciplina como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas educativas e desenvolver actitudes solidarias e tolerantes ante as diferenzas sociais, relixiosas, de xénero e de raza, superando prexuízos con espírito crítico, aberto e democrático.
- d. Coñecer e apreciar o patrimonio natural, cultural e lingüístico e contribuír á súa conservación e mellora, desenvolvendo unha actitude de interese e respecto pola dimensión pluricultural e plurilingüística, entendida como un dereito dos pobos e dos individuos.
- e. Ofrecer ao alumno a adquisición de contidos significativos e útiles e unha cultura sólida e polivalente, que lle permitan convivir nunha sociedade en permanente cambio.
- f. Fomentar a curiosidade utilizando unha metodoloxía activa e experimental apoiándose tamén nas novas tecnoloxías para inducir á aprendizaxe.
- g. Crear no alumnado un hábito de traballo tanto individual como en grupo e un hábito de estudo axeitado a cada nivel educativo co fin de que a través do esforzo se acade o mellor resultado posible.

- h. Inculcar nos alumnos a importancia do uso dos fondos da Biblioteca, a utilidade e o servizo que lles pode reportar, tanto cara a aprendizaxe coma no seu tempo de lecer.
- i. Fomentar o hábito de observación e análise para desenvolver a capacidade crítica. Insistir na importancia da autoaprendizaxe e da toma de decisións así como na valoración do esforzo realizado.
- j. Desenvolver actividades asociadas á creatividade artística e ás actividades lúdicas.
- k. Espertar a conciencia medioambiental tanto no entorno próximo como de forma global, facilitando o desenrolo sostible.
- l. Promover hábitos saudables que inclúan a alimentación, a hixiene, o exercicio físico e a responsabilidade fronte ás drogas e a sexualidade.
- m. Integrar a todos aqueles alumnos que teñan necesidades educativas especiais.
- n. Fomentar a convivencia e o respecto entre tódolos membros da comunidade educativa (tanto no centro coma fora do ámbito escolar) e garantindo a liberdade de todos.
- o. Manter unha comunicación fluída coas familias coa finalidade de promover o intercambio de información que poda mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- p. Inculcar a importancia da participación activa dos alumnos na vida social e cultural así como nas actividades extraescolares organizadas polo centro.
- q. Demandar das institucións públicas a colaboración para a realización de proxectos e actividades educativas.
- r. Facilitar a participación do profesorado en actividades de formación e investigación pedagóxica.

3.1.2.OBXECTIVOS DO PAT (plan de acción titorial).

- a. **Favorecer a integración dos alumnos no seu grupo de clase e no I.E.S., promovendo a actuación responsable na marcha do seu grupo e a participación activa nas actividades organizadas a nivel de Centro.**
- b. **Facilitar a toma de decisións ós alumnos con respecto ó seu futuro académico e profesional, respectando as directrices que se establezan no Plan de Orientación Académica e Profesional do IES.**
- c. **Realizar o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe dos alumnos, que permita anticiparse e atender ás dificultades máis xerais do seu aprendizaxe.**
- d. **Proporcionar información ó alumnado de todo o que lles afecte en relación coas súas actividades docentes e o seu rendemento académico.**
- e. **Favorecer o traballo coordinado do equipo docente de cada grupo coa finalidade de facer máis eficaz a tarefa docente e poder adaptala mellor ás características de cada grupo e de cada alumno.**
- f. **Asegura-la coordinación dos titores de tódolos grupos moi especialmente na educación cívica dos alumnos**
- g. **Promover a avaliación da acción titorial no centro**
- h. **Coordinar, apoiar e ofrecer asesoramento e axuda ás actividades de orientación e titoría levadas a cabo polos titores.**
- i. **Levar a cabo un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado**
- j. **Promove-la implantación de programas de mellora da lectura, de aplicación de técnicas de traballo intelectual e de estimulación das capacidades intelectuais do alumnado.**
- k. **Asegurar unha comunicación fluída coas familias coa finalidade de promover o intercambio de información sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellora-lo proceso de aprendizaxe dos alumnos e promove-la súa cooperación co profesorado na tarefa educativa, buscando a súa implicación nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.**

- I. Informar, asesorar e orientar ás familias sobre todos aqueles aspectos que afecten á educación dos seus fillos.**

4.-OBXECTIVOS TENDENTES A LOGRAR A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

- a.-Potenciar o uso do galego en tódalas actividades do centro.
- b.-Mellorar a competencia lingüística da Comunidade educativa.
- c.-Dinamizar a lingua desde o Equipo de Dinamización Lingüística cara ao exterior do centro.
- d.-Eliminación de prexuízos sobre o uso do galego.

5.-ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA:

Os obxectivos xerais de etapa que se desenvolverán no proxecto curricular estarán adecuados ao contexto do instituto e de acordo cos obxectivos xerais do centro.

6.-NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF):

(En documento aparte)

7.-OFERTA DO CENTRO EN CANTO A ITINERARIOS, OPTATIVAS E ACTIVIDADES E SERVICIOS:

O centro imparte ensinanzas de:

- Educación secundaria obrigatoria (ESO)
- Bacharelato. As modalidades impartidas son: Científico-Tecnolóxico e Humanidades e Ciencias Sociais
- Ciclos de grao medio:
 - Xestión administrativa. Pertence á familia profesional de administrativo. Ten unha duración de 2000 horas que se imparten cursos académicos.
- Ciclos de grao superior.

- Administración e Finanzas. Pertence á familia profesional de administrativo. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos
 - FPBÁSICA de Instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións.
 - FPBÁSICA de Servicios administrativos.

As optativas ofertadas son as reguladas pola lei e ademais, en 4º de ESO, unha ofertada polo propio centro que é Taller de Experimentos, asumida polo departamento de Física e Química.

O centro participa en diferentes programas educativos de apoio ao estudio e outras actividades.

Ao principio de cada curso escolar os pais, nais ou titores legais poderán optar polas ensinanzas de Relixión ou pola Atención Educativa.

8 - PLAN DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLO ENSINO DE RELIXIÓN

MARCO LEXISLATIVO

Orde de 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG mércores 12 de setembro de 2007, Artigo 5 c)

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG venres 13 de xullo de 2007, disposición adicional segunda).

Segundo indica a normativa vixente, os centros docentes disporán as medidas organizativas para que o alumnado cuxos pais/nais ou titores non optasen polas ensinanzas de relixión, reciban a debida atención educativa e para que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación algunha. A devandita atención, en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa.

As actividades educativas deberán desenvolverse en horario simultáneo ao das ensinanzas de Relixión e estarán orientadas a:

- Desenvolver a capacidade de atención.
- Mellorar a capacidade de observación.
- Promover hábitos de atención e escoita.
- Perfeccionar a expresión oral.
- Desenvolver a imaxinación.
- Fomentar nos alumnos o interese pola lectura.

OBXECTIVOS:

- Fomentar o gusto pola lectura como disfrute e enriquecemento persoal.
- Potenciar o desenvolvemento das competencias básicas.
- Estimular o pensamento crítico.

METODOLOXÍA:

- Partir dos intereses dos alumnos e alumnas nos textos e temas a eleixir.
- Combinar lecturas común e compartidas con lectura individual.
- Realizar alguna actividade complementaria aos textos lidos. Ex:dramatizacións, visionado de películas, etc.

Dita atención non corresponde a ningún departamento especificamente, senón que pode ser asignada ao profesorado con disposición horaria. Por iso faise preciso que a súa organización sexa práctica e aberta para que se adapte facilmente ás características do alumnado e o profesorado responsable.

Cada curso escolar a Xefatura de Estudos asignará a docencia desta materia en función da dispoñibilidade do profesorado dos distintos departamentos educativos. Cada docente que imparta esta materia encargarse de levar un rexistro das tarefas/proxectos desenvolvidos nos diferentes niveis educativos, o cal incluirán na correspondente memoria final da materia e posteriormente achegarán a xefatura de estudos para o seu rexistro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ésta materia non é avaliable, nin para efectos de titulación, promoción ou media académica.

9.-FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA:

Tódolos membros da comunidade escolar poden participar na vida desta polas canles legalmente establecidas. En concreto:

- ◆ Os profesores-as nos Claustros e Consellos Escolares (por medio dos seus representantes), nas reunións de Departamento, na CCP (por medio do seu representante, que é o Xefe/a de Departamento), nas reunións de avaliación, e nas actividades de formación e/ou de revisión dos documentos básicos do Centro, como o RRI, PEC, PCC...
- ◆ O alumnado nos Consellos Escolares (por medio dos seus representantes) e por medio do delegado/a do seu grupo, nas xuntas de delegados/as, coas asociacións de alumnos/as...
- ◆ Os pais/nais dos alumnos/as no Consello Escolar, a través dos seus representantes no Consello e na Asociación de nais e pais de alumnos (ANPA).
- ◆ O persoal non docente, por medio do seu representante no Consello Escolar.
- ◆ O concello, por medio do seu representante no Consello Escolar.
- ◆ As organizacións empresarias que colaboran co centro na FCT a través do seu representante non Consello Escolar.

1. Órganos de goberno.

Os órganos de goberno do Centro, e o proceso para o seu nomeamento e funcións, veñen determinados por Lei.

a. Unipersoais

- ◆ Director-a.
- ◆ Secretario-a.
- ◆ Xefe-a de estudos.
- ◆ Vicedirector-a.

No noso centro non existe o cargo de Vicesecretario, pero cremos que, dada a

complexidade organizativa derivada dos distintos niveis de ensinanza impartidos e da xestión económica que desta se deriva, sería necesaria a súa creación.

Desempeñaría as funcións que lle encomendase o Director e colaboraría co Secretario en todo o que ten que ver coa xestión orzamentaria dos Ciclos Formativos.

b. Colexiados:

- ◆ Consello Escolar.
- ◆ Claustro de profesores.

O Claustro de Profesores debe ser o órgano dinamizador da vida do centro. Corresponde ós seus membros debater todos aqueles factores que teñan incidencia no proceso docente e formativo, así como acordar, dentro das súas competencias, ou propoñer ó Consello Escolar para a súa aprobación, as medidas que consideren oportunas para acadar unha maior calidade no ensino, avaliando periodicamente os resultados obtidos. Debe estar informado de tódalas medidas administrativas que podan ter incidencia no seu campo de actuación. No seu caso, analizaráas e transmitirá a súa valoración ó Consello Escolar e ás autoridades pertinentes.

2. Estructura organizativa do profesorado.

- ◆ Departamentos: Formados polos profesores que impartan a mesma área ou materia, e ateranse ó estipulado pola lexislación vixente.

3. Estructura organizativa do alumnado.

- ◆ Delegados e subdelegados de grupo.

A elección e funcións dos delegados e subdelegados está determinada por lei.

- ◆ Xunta de delegados de grupo.

Composta polos representantes dos alumnos no Consello Escolar e polo delegado ou subdelegado de cada grupo, entre os que se elixirán un presidente e un secretario. A vixencia do seu nomeamento será de un ano escolar, e desempeñará as funcións determinadas por lei.

O centro facilitará un lugar de reunión á Xunta e poñerá á súa disposición os medios necesarios para levar a cabo as súas funcións.

4. Departamento de Orientación.

As súas funcións básicas veñen determinadas por lei e resúmense en:

- ◆ Asesorar ao profesorado na súa labor titorial.
- ◆ Orientar ao alumnado sobre o seu itinerario escolar e saídas profesionais.
- ◆ Atención á diversidade do alumnado.

5. Titores-as.

Cada grupo de alumnos terá un titor que desenvolverá as funcións determinadas por lei, coa colaboración do Departamento de Orientación e a Administración do Centro.

O titor estará informado das faltas de asistencia e disciplina dos seus titorandos, será ponte de comunicación entre o profesorado e o grupo de alumnos e informará aos pais do proceso educativo dos seus fillos.

6. Xunta de avaliación.

Estará composta polos profesores que imparten docencia nun mesmo grupo de alumnos.

Reuniranse en cada período de avaliación e cando o titor o requira.

7. Asociacións.

O centro aterase ao disposto na lexislación vixente tanto para as Asociacións de Pais como para as Asociacións de Alumnos. Potenciará tamén calquera outro tipo de asociacións que baixo a normativa vixente favorezan o bo funcionamento do centro. Despois de varios anos sen ter ANPA no curso 2007-2008 constitúese unha nova que xestiona o transporte dos alumnos de ensinanza postobrigatoria e as taquillas para aqueles alumnos que o desexan .

8. Formas de organización da función docente.

Os mecanismos básicos para garantir unha organización funcional son os seguintes:

- a. Planificación do curso en setembro.
- b. Desenvolvemento dun plan de acción titorial coordinado polo Departamento de Orientación.
- c. Elaboración e/ou seguimento e corrección do PCC pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- d. Estudio previo de criterios e forma de actuación nas xuntas de avaliación.

9. Funcións administrativas e xestión económica.

- a. Funcións Administrativas: Son levadas a cabo polo persoal administrativo do centro, supervisado polo secretario/a, que é o encargado/a de ordenar o réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director/a.
- b. Xestión Económica: Función desenrolada polo secretario/a, que debe de ordenar o réxime económico do centro, de conformidade coas directrices do director/a, levando unha contabilidade adaptada á lexislación vixente da que debe render contas ante o Consello Escolar e ás autoridades competentes, presentando un anteproxecto de orzamentos de acordo coas directrices do Consello Escolar e oída a Comisión Económica, o mesmo que debe de presentar, para a súa aprobación, un informe económico explicativo do desenvolvemento do orzamento do ano.

10.- FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL CÓS SERVICIOS SOCIAIS E EDUCATIVOS DO CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓN:

O centro de educación primaria adscrito ao noso centro é o CPI da Gándara.

As relacións que mantemos con outras institucións son:

- a. Concello de Narón.
- b. Universidades Galegas (Universidade da Coruña, USC, Universidade de Vigo)
- c. Servizo Galego de Colocación.



- d. Asociacións de empresarios: FCT: Convenios en colaboración con diferentes empresas, entidades e organismos oficiais da comarca de Ferrolterra para o desenvolvemento da FCT dos ciclos da FP e PCPI
- e. Con outras institucións de carácter educativo.

Narón Outubro de 2015